



Instituto de
Políticas Públicas
de Protección Animal

“ELABORACIÓN DE ORDENANZAS MUNICIPALES DE PROTECCIÓN ANIMAL EN GALICIA”.

ÍNDICE

| | |
|--------------------------|---|
| ● Presentación | 3 |
| ● Memoria | 4 |
| Características do curso | 5 |
| Obxectivos do curso | 6 |
| Matrícula | 6 |
| Certificación | 7 |
| Equipo docente | 7 |
| Estrutura do curso | 7 |
| Tutorías | 7 |
| ● Programa do curso | 8 |

AVISO LEGAL: o contido deste documento é propiedade intelectual de Irene Torres Márquez, que cede o seu uso ó IPPPA a través desta páxina web. Queda expresamente prohibida a transmisión do presente documento ou do seu contido a terceiros, de maneira total ou parcial

PRESENTACIÓN

Dentro da oferta formativa do IPPPA (Instituto de Políticas Públicas de Protección Animal) presentamos o curso “Elaboración de Ordenanzas municipais en Galicia”.

Neste curso proporciónanse os coñecementos, exemplos e ideas necesarias, para que o alumnado esté en disposición de propoñer a redacción adecuada para unha Ordenanza de protección animal que sexa efectiva na práctica, e que eleve o nivel de protección para os animais, e axude a xenerar unha convivencia responsable entre a cidadanía. Para iso, nesta formación abórdanse diferentes aspectos dentro da protección dos animais. Por una banda comézase explicando o marco filosófico e competencial nesta materia, para despois continuar diferenciando os aspectos máis relevantes da vixente Lei con respecto á norma anterior. A continuación realízase una proposta xenérica de contido para elaborar este tipo de Ordenanzas, e xa nas últimas unidades didácticas facilitáanse exemplos positivos de políticas públicas de protección animal levados a cabo en diferentes localidades, e tamén documentos e formularios moi útiles para poñer en práctica.

Trátase dun curso impartido de forma 100% online, facilitando a súa realización de forma flexible por parte do alumnado.

MEMORIA

Desgraciadamente o maltrato e o abandono animal en Galicia non descende, e continúa sendo un grave problema e una lacra social. Esta situación precisa urxentemente dunha solución.

A [Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia](#) establece os criterios ós que deben someterse tanto a cidadanía como as autoridades galegas competentes en canto o trato que proporcionan ós animais de compañía. A norma incide na importancia da formación en materia de protección e benestar animal.

Esta Lei implicou unha serie de cambios importantes con respecto á norma anterior (Lei 1/1993, de 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cautividade, e ó reglamento que a desenvolvía), polo que todas as Ordenanzas de protección animal dos diferentes municipios galegos deben adaptar o seu contido a esta nova realidade. Para elo precísanse uns requerementos mínimos e máximos dos estándares de protección animal adecuados á actual realidade social.

Son moitos os concellos que aínda non teñen adaptado as súas Ordenanzas ó disposto na Lei 4/2017. Tendo en conta que resulta imposible proporcionar unha Ordenanza común para todos os municipios, este curso proporciona os coñecementos necesarios para elaborar Ordenanzas municipais de protección animal correctas e efectivas, que eleven o nivel de protección ós animais, baseándose no establecido na Lei galega e nas demás normas vixentes aplicables a esta materia.

Ademáis de contar con normas de protección animal adecuadas, resulta imprescindible que estas sexan aplicables na práctica, por elo esta formación inclúe exemplos de iniciativas levadas a cabo en diferentes localidades e que resultaron exitosas.

CARACTERÍSTICAS DO CURSO

Entidade organizadora: Fundación Franz Weber

Coordinadora e docente: Irene Torres Márquez

Destinatarios/as: empregados/as públicos con competencias en protección dos animais ou asimilables, así como a sociedade civil que xestione servizos públicos de protección animal (como refuxios de animais).

Modalidade: online

Lingua del curso: galego

Duración aproximada: 20 h

Tutorías: incluídas

Ámbito: autonómico (Galicia)

Inicio del curso: xa dispoñible ata completar prazas

Fin do curso: 30 de xaneiro de 2021

Prezo: gratuito

Prazas: 20

Superación do curso: O alumnado poderá descargar un certificado de superación do curso, unha vez superados os cuestionarios de avaliación e enviada a enquisa de satisfacción anónima.

Meta: Elaborar a redacción adecuada dunha Ordenanza de protección animal (nalgún municipio galego) que sexa efectiva na práctica e que dé lugar a un alto nivel de protección para os animais e axude a xenerar unha convivencia responsable.

OBXECTIVOS

- Recoñecer os motivos que levaron a á redacción da vixente Lei 4/2017, de 3 de Outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.
- Distinguir os factores que se deben ter en conta á hora de redactar unha Ordenanza de protección dos animais.
- Identificar o marco competencial en materia de protección dos animais no ámbito municipal.
- Enmarcar a potestade sancionadora dos municipios en materia de protección animal.
- Diferenciar as novidades e cambios máis importantes entre ambas normas.
- Recoñecer e localizar os aspectos que máis benefician os animais da vixente Lei con respecto a la anterior.
- Interpretar adecuadamente esta norma.
- Discernir as partes das que se forma unha Ordenanza de Protección Animal.
- Recoñecer as cuestións clave que deben incluírse nunha Ordenanza de Protección Animal para Galicia.
- Extrapolar, redefinir e desglosar conceptos e cuestións da Lei 4/2017 para que a Ordenanza se adecue a ela.
- Recordar as definicións, obrigacións e prohibicións que deben incluírse nunha Ordenanza de Protección Animal para Galicia.
- Recoñecer as cuestións clave que deben incluírse nunha Ordenanza de Protección Animal para Galicia.
- Extrapolar, redefinir e desglosar conceptos e cuestións da Ley 4/2017 para que a Ordenanza adecúese a ela.

MATRÍCULA

Seguir os pasos que se indican no link "Matrícula gratuita".

Ante calqueira dúbida ou problema para realizar a matrícula, el email de contacto de coordinación do IPPPA é: info@ipppa.org

CERTIFICADO

Para obter o certificado de aproveitamento do curso o alumno/a debe superar as avaliacións tipo test das diferentes unidades didácticas, así como cubrir e enviar a enquisa anónima de satisfacción. Unha vez completadas estas accións, poderá descargar automaticamente o certificado emitido polo IPPPA-FFW.

DOCENTE

Irene Torres Márquez

Asesora legal na Fundación Franz Weber. Coordinadora do IPPPA. Investigadora en causas de tráfico ilegal de especies a nivel internacional para a ONG Robin des Bois. Máster en: Avogacía (USC), en Dereito Animal e Sociedade (UAB) e en Formación do Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria, Bachelarelato e Formación Profesional (Universidade Isabel I).

Docente de diversos cursos en materia de protección animal, especialmente dirixidos a forzas e corpos de e o personal das administracións públicas en Galicia. Membro experto de INTERcids, operadores xurídicos polos animais.

ESTRUTURA DO CURSO

Esta formación impártese mediante a sinxela plataforma Moodle. O curso consta de seis Unidades Didácticas, cada unha de elas (a excepción das unidades 5 e 6 que son máis prácticas) están compostas por:

- Un documento pdf co desenvolvemento do contido.
- Un apartado denominado "Para saber máis" no que se proporciona información adicional para completar os coñecementos adquiridos (artigos, páxinas web, informes, etc).
- Un sinxelo test que consta de 5 preguntas cunha única resposta correcta. É moi importante realizar unha lectura comprensiva das unidades antes de responder os test.

TUTORÍAS

As tutorías están incluídas nesta formación. O alumnado poderá contactar coa docente a través dun foro de dúbidas e comentarios.

PROGRAMA DO CURSO

“ELABORACIÓN DE ORDENANZAS MUNICIPAIS DE PROTECCIÓN ANIMAL EN GALICIA”.

Unidade Didáctica 1. Marco filosófico e competencial para a elaboración de Ordenanzas municipais de protección animal

- 1.1 Marco filosófico
- 1.2 Marco competencial
- 1.3 Potestade sancionadora

Unidade Didáctica 2. Novidades e diferenzas da vixente Lei de protección animal con respecto á Lei anterior

- 2.1 Aspectos crave nas Ordenanzas de protección animal
- 2.2 Retrocesos
- 2.3 Avances

Unidade Didáctica 3. Estrutura e contido fundamental dunha Ordenanza de protección animal para Galicia (parte I)

- 3.1. Partes dunha Ordenanza de Protección animal
- 3.2. Contido básico da parte sustantiva dunha Ordenanza municipal de protección e benestar animal

Unidade Didáctica 4: Estrutura e contido fundamental dunha Ordenanza de protección animal para Galicia (parte II)

- 4.1. Equinos
- 4.2. Cans potencialmente perigosos
- 4.3. Núcleos zoolóxicos
- 4.4. Animais en espazos públicos
- 4.5. Identificación dos animais
- 4.6. Cría e venda de animais
- 4.7. Eventos con animais

- 4.8. Recollida e acollida de animais abandonados, comisados ou perdidos
- 4.9. Adopción de animais
- 4.10. Acollida de animais
- 4.11. Colonias felinas
- 4.12. Animais silvestres en cativeiro
- 4.13. Animais ante situacións de desamparo
- 4.14. Divulgación, educación e formación en materia de protección animal
- 4.15. Control, inspección e vixilancia

Unidade Didáctica 5: Exemplos positivos de políticas públicas de protección animal

- 5.1. Importancia de creación dunha oficina municipal de Protección dos Animais, funcións e exemplos
- 5.2. Algúns exemplos de medidas novas en Ordenanzas de protección animal de diferentes municipios

Unidade Didáctica 6: Modelos e formularios

- 6.1 Aclaracións sobre licenzas para cans catalogados como potencialmente perigosos
- 6.2 Modelo para cesión voluntaria de animais
- 6.3 Modelo de denuncia xenérica para casos de maltrato ou abandono
- 6.4 Modelo de denuncia máis ampla para casos de maltrato ou abandono
- 6.5 Formulario de comunicación previa para tenza de máis de 5 animais nunha mesma vivenda